



XOVES

I+D+i

Estimados/as amigos/as:

BFA (Business Factory Auto) é unha iniciativa promovida pola Xunta de Galicia -a través da Axencia Galega de Innovación (GAIN), o Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) e XesGalicia-, a Fundación Clúster de Empresas de Automoción de Galicia (CEAGA), o Grupo PSA, o Consorcio da Zona Franca de Vigo (CZJV) e Vigo Activo S.C.R. (Vigo Activo).

O seu obxectivo é a **aceleración e consolidación de proxectos especializados en automoción e a súa transformación en empresas innovadoras, viables e escalables** que atraian e reteñan talento, contribuíndo así a fortalecer a posición do sector e a incrementar a súa proxección internacional.

En BFA, os emprendedores disporán dun **espazo de traballo, respaldo financeiro, formación, e un ecosistema único** integrado por titores, mentores, partners e outros axentes; todos relacionados co sector automoción e dos negocios. Cunha duración de ata 9 meses, as actividades de aceleración previstas centraranse na validación e desenvolvemento do produto ou servizo, a definición do modelo de negocio, a consecución das primeiras vendas e o desenvolvemento das competencias e habilidades do equipo. Ademais, a partir da segunda edición, integrarase no programa unha fase de consolidación de proxectos, de ata 12 meses de duración, co obxectivo de dispoñer dun produto desenvolvido e vendas/ingresos recorrentes.

Nesta primeira edición, en BFA seleccionaranse ata 10 proxectos, que recibirán un **apoyo económico de 25.000 euros de axuda a fondo perdido** concedida por GAIN e **100.000 euros en préstamos participativos**, 50.000 euros a través do Fondo de Capital Risco Galicia Iniciativas Emprendedoras de XesGalicia e 50.000 euros a través de Vigo

Activo.

O prazo de inscrición para participar remata o vindeiro 28 de outubro, accedendo ao formulario de presentación de candidaturas dispoñible no seguinte enlace: <http://www.bfauto.es/gl/user>. Ademais, os interesados poden acceder a toda a información sobre esta iniciativa na páxina web do programa: <http://www.bfauto.es>.

Agardamos que esta información sexa do teu interese e despedímonos até o vindeiro Xoves!



Se non desexa recibir este boletín, pode vostede darse de baixa pinchando aquí . Para calquera dúbida ou consulta, pode escribir un correo a informa.gain@xunta.es.